ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DO CLUBE DE MONTAÑA XISTRA, CELEBRADA O DÍA 9 DE FEBREIRO DE 2018 ÁS 20:00 HORAS NO EDIFICIO DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS, RÚA FOTÓGRAFO LUÍS KSADO 17 DE VIGO.

Asistentes

Presidente
D. Xosé Henrique Freixeiro

Directivos presentes
Dª. María Luisa Martínez Bello
D. Raúl Leirós Gutiérrez
D. Ángel González Iglesias
D. José Miguel Merino Encinas

Socios con dereito a voto
Julio Fernández Oitabén
José Álvarez Rodríguez
Fernando Cerqueira Alonso
José Do Pazo Díaz
María Amalia Otero
Xosé Lois Freixeiro López

Iniciase a Asemblea Xeral Ordinaria, convocada polo Presidente a tal efecto.

ORDE DO DÍA
1 Lectura e aprobación, se procede, da Acta anterior.
2 Lectura e aprobación, se procede, do Estado de Contas 2018.
3 Resumo de actividades 2018 e proxecto 2019.
4 Rogos e preguntas.

SESIÓN

Abre a sesión o Presidente dando lectura á orde do día. O Presidente escusa a ausencia da Secretaria Xeral Dª Begoña Landesa Torrado. Dá fe coma Secretaria da Asemblea a Vicepresidenta Dª María Luísa Martínez Bello.

1 Lectura e aprobación, se procede, da Acta anterior.

A Secretaria da Asemblea lee as actas anteriores do ano 2018, a da Asemblea Xeral Ordinaria e a da Asemblea Xeral Extraordinaria por cambio de directiva e nomeamento do novo presidente. Ambas son aprobadas por unanimidade.

2 Lectura e aprobación, se procede, do Estado de Contas 2018.

O Presidente fai unha presentación multimedia sobre o contexto deportivo do club, centrado nun punto de vista contable, con datos correspondentes a 2018. Informa do descenso de socios, pasando de 131 licenzas en 2017 a 102 licenzas en 2018.

Preséntase o Balance de Situación e a conta de Resultados a data 31 de decembro de 2018.

Infórmase das subvencións percibidas en 2018 e das que están concedidas:

Ano	Entidade Pública	Importes
2018	Concello de Vigo	1.059’83 €
2018	Deputación Provincial de Pontevedra	1.014’60 €
2018	Xunta de Galicia (corresponde a 2017)	1.317’41 €

Complementariamente recibimos:
1. Cobramos unha subvención da FEDME concedida en 2017.

As contas reflicten un superávit anual de 2.477,29 € (positivo de dous mil catrocentos setenta e sete euros con vinte e nove céntimos), sendo o saldo de tesouraría a fin de ano de 34.119,65 € (trinta e catro mil cento dezanove euros con sesenta e cinco céntimos), repartidos entre os 396,60 € (trescentos noventa e seis euros con sesenta céntimos) na caixa e 33.723,05 € (trinta e tres mil setecentos viente e tres euros con cinco céntimos) en Abanca.

O Presidente fai unha explicación pormenorizada de tódalas partidas, das orixes de recursos e dos gastos onde foron aplicados. Faise especial mención á desaparición da subvención federativa por acadar o Premio do Mellor Club Galego de Montañismo FGM no ano 2017, motivada á decisión sa Asemblea da FGM.

Non houbo reparto de subvencións por participación para os deportistas, pois o baremo federativo sobre as que estaban baseadas desapareceu na FGM e novo sistema aínda non está suficientemente comprobado.

As contas anuais son aprobadas por unanimidade.

3 Resumo de actividades 2018 e proxecto 2019.

Faise un resumo con proxección de fotografías das actividades organizadas en 2018.

Faise mención á única actividade federativa FGM que organizou Xistra: o descenso de barrancos (celebrado en Portugal).

Así mesmo coméntase a participación no resto das actividades FGM.

Explícase que o ano 2018 o proxecto do Open de Andainas de 25 km, ampliouse a novas entidades e que para 2019 estase a producir un importante avance, deixando de considerarse unha actividade de Xistra para ser unha competición intersocial con sete probas. Pero non foi posible acadar a conversión en probas do calendario oficial da FGM.

Coméntase que a cea baile anual de fin de ano aprazouse para febreiro deste ano, pero a falta de inscritos obrigou a aprazala novamente. Correspondeulle a insignia de prata por cumprir 25 anos ininterrompidos a Rosario López Ledo.

4 Rogos e preguntas.

Proponse que o club tome unha posición máis forte ante a FGM coincidindo co cambio de directivos na Federación e coa toma de responsabilidades do club na Comisión Delegada federativa, facendo ver á Federación a importancia das probas de 25 km e dando valor económico a tódalas actividades de marchas e sendeiros que aportan moitas licenzas e ingresos e reciben pouco presuposto da Federación.

Nesta liña os asistentes rogan que o club non publicite coma colaborador á FGM na proba que o club organizará en Tui (Tui25km) ata que sexa unha proba de calendario e con orzamento asignado.

Faise mención dos importantes ataques ó noso deporte por parte da Federación de Atletismo, tanto en carreiras por montaña, andainas e presións sobre as entidades deportivas, mostrándose varios exemplos onde esa Federación está organizando andainas enmascaradas como carreiras populares. Os tempos de corte para a realización destas probas son os propios das andainas de 50 e 100 km de montañismo. Prégase que o Presidente de Xistra traslade estas preocupacións e inquedanzas á Federación Galega de Montañismo e á Asemblea da mesma.

Sen outros asuntos que tratar, e sendo as 21:40 horas procédese a levantar a reunión do que dá fe a Vicepresidenta co visto e prace do Presidente.

Dá fe	Co Visto e Prace
María Luísa Martínez Bello	Xosé Henrique Freixeiro Cameselle
Vicepresidenta – Secretaria da Asemblea	Presidente do Clube de Montaña Xistra